



O Concello da Coruña convoca a I EDICIÓN DE PREMIOS CIME. Estes premios pretenden recoñecer o desempeño das empresas pertencentes á demarcación do Concello da Coruña en canto á súa capacidade e intención de levar a cabo actuacións innovadoras nos ámbitos que conforman este Programa e que se concretan na cláusula TERCEIRA destas Bases.

## **CATEGORÍAS.**

Considéranse 3 premios para unha única categoría de empresa:

- Mellor iniciativa innovadora no marco do Programa CIME.

## **BASES DA I EDICIÓN DE PREMIOS CIME**

### **PRIMEIRA. EMPRESAS CANDIDATAS**

Serán candidatas a estes premios todas as empresas que participasen no Programa CIME, excepto aquelas que de maneira expresa denegasen a súa participación, comunicándoo directamente ao Concello da Coruña a través do enderezo de correo electrónico: [cime@coruna.gal](mailto:cime@coruna.gal), na data límite indicada na base CUARTA.

### **SEGUNDA. CANDIDATURAS DE PROXECTOS**

A candidatura ao premio será conforme a unha única actuación ou proxecto identificado no seu informe de diagnóstico. A elección da actuación ou proxecto innovador de cada empresa será ao criterio do equipo consultor, conforme o seu coñecemento e experiencia en materia de innovación.

Cada empresa, polo tanto, concorre ao premio cun único proxecto ou actuación innovadora.

### **TERCEIRA. CRITERIOS DE VALORACIÓN E PONDERACIÓN**

A valoración dos proxectos presentados basearase nos seguintes criterios:

- Innovación en produto/servizo
- Innovación de procesos
- Innovación do modelo de negocio
- Innovación en márketing
- Innovación organizacional
- Innovación tecnolóxica
- Innovación ambiental

En concreto, e a efectos do premio, o xurado valorará:

- O carácter innovador do proxecto ou actuación: ata 25 puntos
- A viabilidade técnica e económica: ata 25 puntos
- O impacto interno na empresa: ata 25 puntos
- O impacto externo do proxecto, actuación ou iniciativa (creación/mantemento de emprego, valor na contorna, impacto noutros grupos de interese, etc.): ata 25 puntos

#### **CUARTA. PRAZO DE RENUNCIA Á CANDIDATURA**

O prazo de presentación da renuncia á candidatura finaliza o 14 de outubro de 2022.

#### **QUINTA. COMPOSICIÓN DO XURADO E DECISIONS**

A avaliación dos proxectos innovadores levarase a cabo por un xurado integrado por:

- PRESIDENCIA: a persoa que ostenta a xefatura do departamento de Promoción Económica e Comercio do Concello da Coruña, ou persoa que a substitúa.
- 2 VOGAIS: unha persoa da empresa consultora e unha persoa representante de asociacións que traballen no ámbito da empresa e o emprendemento da cidade.
- SECRETARÍA: unha persoa do departamento de Promoción Económica e Comercio do Concello da Coruña, con voz pero sen voto.

O xurado valorará as diferentes candidaturas presentadas e seleccionará 3 gañadores en función da puntuación obtida.

O xurado será soberano das súas decisións e gozará de plena autonomía na elección dos proxectos gañadores. Ademais, interpretará e completará as bases destes premios, suplindo as súas posibles lagoas e resolvendo as dúbidas que poidan exporse.

Os acordos do xurado tomaranse por maioría. En caso de empate será dirimente o voto da presidencia do xurado.

O fallo do xurado farase público no acto de entrega de premios, será inapelable e contra este non caberá recurso algún.

A aceptación destas bases implica a renuncia expresa a calquera reclamación, tanto sobre o proceso de selección das candidaturas coma respecto ás decisións do xurado.

#### **SEXTA. PREMIOS**

Entregaranse tres premios iguais. Cada premio consistirá nun paquete de 30 horas de asesoramento e/ou consultoría en materias de innovación, das que se poderá dispoñer desde o día seguinte á recepción do premio e ata seis meses despois.

As empresas gañadoras poderán dar visibilidade cun diploma que se lles entregará, polos medios e canles que consideren oportunos e sen modificar o seu contido e deseño

#### **SÉTIMA. ENTREGA DE PREMIOS**

A cerimonia de entrega dos premios terá lugar o 11 de novembro de 2022 ás 14:30 no Centro Municipal de Empresas da Grela (Rúa Galileo Galilei, 62). Dita información estará publicada na páxina web do programa CIME <https://cimecoruna.gal/>.

O Concello resérvase o dereito a suspender, aprazar, modificar ou cancelar I Edición de Premios CIME polos motivos que estime oportunos, comunicando neste caso ás persoas participantes esta eventualidade.

Así mesmo, o xurado resérvase a posibilidade de deixar deserto o premio en caso de incumprimento das bases, falta de participación ou de interese dos proxectos presentados.



## **OITAVA. ACEPTACIÓN DAS BASES**

A participación na I EDICIÓN DE PREMIOS CIME implica a aceptación íntegra e incondicional das presentes bases.

As empresas gañadoras consenten, ao aceptar o premio, na utilización por parte do Concello da Coruña da súa imaxe e nome completo en calquera tipo de publicidade, promoción, publicación ou calquera outro medio da natureza que fose, con fins informativos ou promocionais, sempre que estean relacionados co devandito premio.